

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Alumnado

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36017430	IES Ricardo Mella	Vigo	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza			Ciclo formativo/Curso de especialización			Grao	
Graos D: Ciclos formativos			D3SAN000400 - Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear			A	
Módulo							
MP1708 - Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo (1º)							
Tipo de oferta			Modalidade		Réxime dual		Grupo
Réxime xeral-ordinario			Presencial		Xeral		A
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro			
1	30	50	36	36			

Profesorado responsable

Docentes
García Lago, Liliana

Contido	Páxina
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	9
Criterios de cualificación e recuperación	9
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	10
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	11
Programación da educación en valores.	11
Actividades complementarias e extraescolares.	11
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	12
Outros apartados.	12

Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

De acordo coa Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, os ciclos formativos de Formación Profesional estrutúranse en módulos profesionais, que permiten a adquisición progresiva das competencias necesarias para o desenvolvemento da actividade profesional.

Esta lei establece no seu artigo 25 que os ciclos formativos teñen unha estrutura modular e competencial, organizada en unidades formativas que posibilitan a flexibilidade e a adaptación ao contexto produtivo. Ademais, no artigo 60, recóllese que todos os ciclos deben integrar de maneira transversal contidos relacionados coa sostibilidade, a dixitalización e a igualdade, co obxectivo de contribuír á formación de profesionais responsables, comprometidos co medio ambiente e coa sociedade.

En coherencia con isto, o Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a organización do Sistema de Formación Profesional, especifica no seu artigo 100 que o módulo de “Sostibilidade no ámbito produtivo” ten como finalidade dotar ao alumnado das competencias necesarias para aplicar criterios de sostibilidade, eficiencia enerxética, economía circular e responsabilidade social nos diferentes sectores e contextos laborais. O mesmo artigo indica que este módulo deberá adaptarse ás características específicas do ámbito produtivo do ciclo formativo, favorecendo a aprendizaxe contextualizada e a conexión coa realidade empresarial e profesional de cada sector.

No caso do ciclo de Técnico Superior en Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear, esta concreción curricular axústase ao ámbito produtivo sanitario e tecnolóxico, caracterizado polo uso intensivo de equipos electromédicos de alta complexidade, polo consumo enerxético significativo e pola xeración de residuos sanitarios e radioactivos sometidos a estrita normativa de seguridade e protección ambiental.

Así, o módulo orienta a súa aplicación práctica cara a:

- Analizar o impacto ambiental e enerxético das instalacións e equipos empregados nos servizos de diagnóstico por imaxe e medicina nuclear.
- Aplicar criterios de sostibilidade e eficiencia na xestión dos recursos, reducindo o consumo e minimizando a xeración de residuos.
- Incorporar os principios de economía circular e responsabilidade social ao desempeño profesional.
- Promover unha cultura de sostibilidade e mellora continua nos centros sanitarios, en coherencia coas liñas estratéxicas da transición ecolóxica e dixital.

Deste modo, a concreción curricular do módulo de Sostibilidade no ámbito produtivo no ciclo de Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear garante a integración efectiva dos principios establecidos na Lei orgánica 3/2022 e no Real decreto 659/2023, contribuíndo á formación de profesionais competentes, conscientes do impacto ambiental do seu traballo e capaces de aplicar solucións sostibles no seu ámbito laboral.

Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	O noso futuro en perigo.	Introdución aos principais problemas ambientais e sociais actuais. Analízase a emerxencia climática, a perda de biodiversidade, a desigualdade social e o impacto das actividades humanas sobre o planeta.	17	6
2	Os retos da sostibilidade: un compromiso global.	Abórdase o concepto de sostibilidade e desenvolvemento sostible, comparando modelos de crecemento e avaliando o papel das empresas e institucións. Preséntanse os marcos internacionais e os factores ASG (ambientais, sociais e de gobernanza) como instrumentos de xestión sostible.	17	6
3	A Axenda 2030: guía para o cambio.	Estúdianse os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a súa vinculación coa Axenda 2030. Analízanse as metas e indicadores, os riscos e oportunidades que representan os ODS para a sociedade e as empresas, e a súa aplicación no ámbito sanitario.	22	8
4	Da economía lineal á circular.	Examínanse os modelos de produción e consumo	22	8

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
4	Da economía lineal á circular.	actuais fronte á economía circular. Analízanse o ciclo de vida dos produtos, o ecodeseño e os principios de economía verde aplicados aos procesos produtivos, identificando estratexias para reducir residuos e mellorar a eficiencia enerxética.	22	8
5	A sostibilidade nas empresas.	Estúdase a integración da sostibilidade na estratexia empresarial e nos diferentes sectores produtivos, incluíndo o sanitario. Analízanse indicadores, métricas e plans de sostibilidade, así como o papel da dixitalización e da innovación como ferramentas de transformación.	22	8

Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	O noso futuro en perigo.	6

Criterios de avaliación
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais aos que se enfronta a sociedade, describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar
CA2.1 - Identificáronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.2 - Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 - Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 - Identificáronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.5 - Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento sostible

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Caracterización dos retos ambientais e sociais no desenvolvemento sustentable
Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc.), descarbonización etc.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.

Contidos
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.

UD	Título da UD	Duración
2	Os retos da sostibilidade: un compromiso global.	6

Criterios de avaliación
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade, tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución
CA1.1 - Describiuse o concepto de sostibilidade, establecendo os marcos e os acordos internacionais asociados ao desenvolvemento sostible
CA1.2 - Identificáronse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sostible das organizacións empresariais
CA1.3 - Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento sostible (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030
CA1.4 - Analizouse a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización
CA1.5 - Identificáronse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sostibilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA1.6 - Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Identificación dos aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade
Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada.
Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.
Piares ambientais, sociais e de gobernanza transcendentos no desenvolvemento sustentable das organizacións.
Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Relevancia para a consecución da Axenda 2030.
Identificación dos aspectos sociais e de gobernanza (ASG) nas organizacións.
Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.

Contidos		
Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR.		

UD	Título da UD	Duración
3	A Axenda 2030: guía para o cambio.	8

Criterios de avaliación	
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade no desempeño profesional e persoal, identificando os elementos necesarios	
CA3.1 - Identificáronse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan	
CA3.2 - Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS	
CA3.3 - Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS	
CA3.4 - Identificáronse as prácticas sostibles no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos	
BC3 - Aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	
Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.	
Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.	
Contribución das actitudes persoais na consecución dos ODS.	
Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.	

UD	Título da UD	Duración
4	Da economía lineal á circular.	8

Criterios de avaliación	
RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular	

Criterios de avaliación
CA4.1 - Determináronse os modelos de produción e consumo actual
CA4.2 - Analizouse o ciclo de vida do produto
CA4.3 - Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA4.4 - Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA4.5 - Aplicáronse principios de ecodeseño
CA4.6 - Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sostibilidade aplicados
RA5 - Realiza actividades sostibles minimizando o impacto destas no ambiente
CA5.1 - Caracterizouse o modelo de produción e consumo actual
CA5.2 - Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA5.3 - Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA5.4 - Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
CA5.5 - Aplicáronse principios de ecodeseño
CA5.6 - Aplicáronse estratexias sostibles
CA5.7 - Analizouse o ciclo de vida do produto
CA5.8 - Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sostibilidade aplicados
CA5.9 - Aplicouse a normativa ambiental

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Planificación de produtos e servizos responsables tendo en conta a economía circular
Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.
Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.

Contidos
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Produtos sustentables: ecodeseño.
Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados.

UD	Título da UD	Duración
5	A sostibilidade nas empresas.	8

Criterios de avaliación
RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificando accións para a súa xestión e a súa medición
CA6.1 - Identifícaronse os principais grupos de interese da empresa
CA6.2 - Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 - Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 - Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sostibilidade máis amplamente utilizados
CA6.5 - Elaborouse un informe de sostibilidade co plan e os indicadores propostos

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Desenvolvemento de actividades ou produtos sustentables, minimizando o impacto destas no ambiente
Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.
Aplicación dos principios da economía verde e circular.
Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.
Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais.
Materialización dos principios de ecodeseño nas actividades ou nos produtos sustentables.
Aplicación de estratexias sustentables.

Contidos
Análise das fases do ciclo de vida do produto.
Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción.
Cumprimento de normativa ambiental.
BC6 - Análise dun plan de sustentabilidade para unha organización empresarial do sector, con identificación dos seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificación de accións para a súa xestión e medición
Identificación dos principais grupos de interese da empresa.
Análise de todos os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza, das expectativas dos grupos de interese e da importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais.
Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.
Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.
Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.

Procedemento de avaliación inicial.

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do módulo co obxectivo de coñecer o punto de partida do alumnado, tanto no referente aos seus coñecementos previos sobre sostibilidade, economía circular e impacto ambiental, como ás súas actitudes, motivacións e competencias básicas. Trátase dun proceso de observación e recollida de información que permite ao profesorado adaptar a metodoloxía, o nivel de profundidade dos contidos e os recursos didácticos ás características concretas do grupo. Para iso empregárase un conxunto de instrumentos sinxelos e variados: un breve cuestionario diagnóstico con preguntas sobre conceptos xerais e exemplos do ámbito sanitario, unha posta en común ou debate inicial para explorar intereses e experiencias previas, e unha pequena ficha de autoavaliación que permita identificar o grao de interese, as expectativas e o nivel de competencia dixital de cada estudante.

Ademais, a observación directa da participación nas primeiras actividades servirá para detectar o grao de implicación e posibles necesidades de apoio. A información recollida analizarase de forma global e empregárase para axustar a programación, o ritmo das clases e as medidas de atención á diversidade, garantindo así unha resposta educativa adaptada e inclusiva.

Esta avaliación non ten carácter cualificable, pero quedará rexistrada polo profesorado como referencia inicial que permitirá valorar posteriormente a evolución do alumnado ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Criterios de cualificación e recuperación

Procedemento e criterios de cualificación:

A cualificación do alumnado basearase na avaliación continua, valorando o grao de adquisición dos resultados de aprendizaxe e dos criterios de avaliación establecidos para o módulo Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo. O proceso será continuo, global e formativo, avaliando tanto o traballo práctico desenvolvido nas sesións como a comprensión dos contidos teóricos.

A nota final do módulo calcularase a partir da seguinte ponderación:

- Traballo desenvolvido nas sesións de clase, tarefas, exercicios, exposicións e proxectos prácticos: 50 %
- Proba escrita tipo test: 50 %

As tarefas e actividades de aula incluírán exercicios individuais e grupais, exposicións, estudos de caso ou proxectos, valorándose a calidade do traballo realizado, a capacidade de análise e a correcta aplicación dos principios de sostibilidade.

As probas escritas consistirán en cuestionarios tipo test de resposta única, con distintas opcións posibles e unha soa resposta correcta. Aplicarase un sistema de corrección no que cada tres respostas incorrectas descontarán o valor dunha resposta correcta, mentres que as respostas en branco non penalizarán.

Considerarase avaliación positiva cando o alumnado acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10, sempre que obteña polo menos o 40 % da puntuación posible en cada unha das dúas partes (traballo continuo e proba escrita). O profesorado manterá rexistro das evidencias avaliadas e informará o alumnado do seu progreso ao longo do proceso de aprendizaxe.

Procedemento e criterios de recuperación

O alumnado que non acade unha avaliación positiva nalguna das partes deberá realizar actividades de recuperación específicas orientadas aos resultados de aprendizaxe non superados. Estas poderán consistir na mellora ou ampliación de tarefas anteriores, na elaboración dun novo traballo práctico ou nun pequeno exercicio aplicado que permita evidenciar a adquisición das competencias pendentes.

Se o módulo non se supera na avaliación ordinaria, o alumnado poderá realizar unha proba extraordinaria de recuperación, de carácter teórico-práctico, que incluírá igualmente un test de resposta única con penalización de tres respostas incorrectas por unha correcta e, se se considera necesario, un breve exercicio práctico. Nesta proba deberá demostrar o dominio dos contidos esenciais e a capacidade de aplicar os principios de sostibilidade ao ámbito profesional.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O seguimento do proceso de aprendizaxe realizarase de forma continua a través da observación do traballo diario, a revisión das tarefas e a análise dos resultados das probas escritas. Este control permitirá detectar posibles dificultades e aplicar medidas de reforzo inmediato durante o desenvolvemento das unidades didácticas.

O alumnado que non supere algunha parte do módulo deberá realizar actividades de recuperación adaptadas aos criterios de avaliación non alcanzados, que poderán consistir na mellora ou repetición de tarefas, na elaboración dun traballo complementario ou na realización dunha proba específica que permita demostrar a adquisición dos resultados de aprendizaxe pendentes.

En caso de materias pendentes doutros cursos ou módulos equivalentes, o profesorado establecerá un plan individualizado de seguimento e avaliación, no que se indicarán as tarefas a realizar, os prazos e os criterios de superación. Este plan poderá incluír unha proba final de carácter teórico-práctico, con formato tipo test de resposta única e penalización de tres respostas incorrectas por unha correcta.

A materia considerase superada cando o alumnado demostre o logro dos resultados de aprendizaxe mínimos establecidos e acade unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

No caso de que o alumnado perda o dereito á avaliación continua, de acordo coa normativa vixente, establecerase un procedemento extraordinario de avaliación que permita demostrar a adquisición dos resultados de aprendizaxe mínimos establecidos para o módulo Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo.

Esta avaliación terá carácter individual e final, e consistirá nunha proba escrita tipo test de resposta única, complementada, se é necesario, cunha breve parte práctica ou cuestións de desenvolvemento que permitan

comprobar a aplicación dos conceptos á realidade profesional. A proba abranguerá os contidos esenciais das cinco unidades didácticas, tanto teóricos como aplicados, e valorarase a comprensión dos principios de sostibilidade, economía circular, responsabilidade social e boas prácticas no ámbito sanitario.

O cuestionario constará de preguntas de resposta única, con catro opcións posibles e unha soa correcta. Aplicarase o mesmo criterio de corrección que nas probas ordinarias: cada tres respostas incorrectas descontarán o valor dunha resposta correcta, mentres que as respostas en branco non penalizarán.

A proba será cualificada sobre dez puntos, e considerárase superada cando o alumnado acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. O profesorado poderá solicitar, ademais, a entrega ou defensa dun traballo complementario individual que evidencie o dominio dos contidos e a competencia profesional, especialmente no caso de módulos de baixa carga horaria.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

No caso de que o alumnado non acade de forma satisfactoria os obxectivos ou resultados de aprendizaxe previstos, aplicarase un conxunto de medidas de reforzo educativo. Estas medidas terán un carácter preventivo, flexible e personalizado, adaptándose ás causas que motivan as dificultades detectadas (falta de base teórica, problemas de comprensión, ritmo de traballo ou escasa implicación). O profesorado realizará un seguimento individualizado e planificará actuacións específicas orientadas a mellorar o rendemento do alumnado.

As accións de reforzo poderán incluír:

- Revisión e explicación adicional dos contidos fundamentais durante as sesións ou en horarios de apoio.
- Adaptación das tarefas e exercicios, reducindo a complexidade inicial e facilitando exemplos prácticos guiados.
- Actividades de consolidación mediante fichas, autoavaliacións ou exercicios de repaso sobre os criterios non superados.
- Traballlos complementarios orientados á aplicación práctica dos conceptos tratados.
- Acompañamento e tutorización individual, co obxectivo de mellorar a organización e o seguimento do módulo.

Programación da educación en valores.

A educación en valores intégrase de maneira transversal no módulo Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo, promovendo unha formación baseada na responsabilidade, o respecto e o compromiso co desenvolvemento sostible. A través das actividades e proxectos trabállanse valores como o consumo responsable, a igualdade de oportunidades, o respecto pola diversidade, a ética profesional e a cooperación.

O módulo contribúe directamente á educación ambiental e á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, fomentando no alumnado unha actitude crítica e participativa ante os retos sociais e ambientais actuais. O obxectivo final é formar profesionais comprometidos coa mellora continua, o benestar social e a sustentabilidade do seu contorno laboral e persoal.

Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias e extraescolares programadas neste módulo teñen como finalidade reforzar a aprendizaxe práctica e contextualizada dos contidos, favorecendo o contacto directo co entorno profesional e coas aplicacións reais da sostibilidade no ámbito científico e técnico. Entre as actuacións previstas destacan:

- Visita ao Laboratorio da Paisagem en Guimarães (Portugal), espazo de referencia en investigación e divulgación ambiental, onde o alumnado poderá coñecer proxectos de ordenación territorial, biodiversidade e economía circular, relacionándoos cos contidos sobre desenvolvemento sostible e xestión responsable dos recursos.
- Exposición itinerante da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo, centrada no uso e aproveitamento sostible dos recursos naturais, que permitirá ao alumnado reflexionar sobre a interdependencia entre ciencia, tecnoloxía e medio ambiente.
- Charlas divulgativas e de formación impartidas por expertos, orientadas a temas de actualidade como a sostibilidade nas empresas, a responsabilidade social corporativa, a economía circular ou a xestión ambiental no sector sanitario.

Estas actividades teñen un claro valor educativo, xa que fomentan o traballo interdisciplinar, a aprendizaxe

experiencial e o desenvolvemento de competencias profesionais e sociais, reforzando ao mesmo tempo a sensibilización ambiental e o compromiso ético do alumnado.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguimento da programación e a avaliación da práctica docente realizaranse de forma continua ao longo do curso, co obxectivo de valorar a eficacia das actividades propostas, a adecuación dos contidos e metodoloxías, e o grao de consecución dos resultados de aprendizaxe.

O profesorado rexistrará o desenvolvemento das sesións, a participación do alumnado e as incidencias detectadas, revisando periodicamente a planificación para introducir melloras cando sexa necesario. Ao rematar cada unidade didáctica realizarase unha revisión reflexiva sobre os resultados obtidos, as dificultades atopadas e as posibles modificacións na metodoloxía, avaliación ou secuenciación dos contidos.

Esta avaliación da práctica docente completárase cunha valoración final do módulo, tendo en conta os informes de resultados, as observacións do profesorado e as achegas do alumnado, co fin de axustar e mellorar a programación en cursos posteriores, garantindo unha ensinanza máis eficaz, inclusiva e adaptada ás necesidades reais do grupo.

Outros apartados.